



Regulamento de Explotación para as Instalacións Náutico Recreativas do Porto de Vilanova de Arousa

- Marina Arousa -



Marina Arousa Porto Deportivo
36620-Vilanova de Arousa

+34 986 561 420
<https://www.marinaarousa.es>

Síguenos en





REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN PARA AS INSTALACIÓNS NÁUTICO RECREATIVAS DO PORTO DE VILANOVA DE AROUSA

CAPÍTULO I

OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN DO REGULAMENTO

Art. 1.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

a).-Ámbito subxectivo

CONCESIONARIA:

MARINA NÁUTICA AROUSA SL, titular da concesión administrativa para a xestión indirecta dos servizos correspondentes á explotación dunhas instalacións náutico recreativas no porto de **VILANOVA** que no sucesivo denominaremos Porto.

USUARIO: Persoa física ou xurídica que utilice as instalacións ou servizos outorgados en concesión a **MARINA NÁUTICA AROUSA SL**

As partes mencionadas deberanse atener ó presente Regulamento.

b).- Ámbito obxectivo.

Este Regulamento ten por obxecto establecer as normas xerais de uso explotación para a utilización e aproveitamento das instalacións náutico deportivas obxecto do presente regulamento, sen perxucio do cumprimento de cantas normas sexan de aplicación ou das competencias que especificamente exerzan os diversos departamentos da Administración en uso das súas atribucións legais.

O presente Regulamento regulará as relacións entre a Concesionaria e os usuarios do Porto. Dito Regulamento está suxeito á lexislación vixente en cada momento en materia de portos e ó Prego da Concesión outorgada a **MARINA NÁUTICA AROUSA SL**

Art. 2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O presente regulamento, polo que se regula a actividade dentro da zona de concesión,





REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONCESIÓN XESTIÓN INDIRECTA

é de aplicación e obrigado cumprimento e afecta a :

- a).-As persoas, embarcacións, maquinaria e vehículos que se atopen dentro da zona de concesión, excepto funcionariado da Administración no exercicio das súas competencias.
- b).- As persoas, embarcacións, maquinaria e vehículos que se atopen ou empreguen as instalacións náutico deportivas outorgadas en concesión a **MARINA NÁUTICA AROUSA SL**
- c).- As persoas que teñan outorgada unha concesión para uso exclusivo dunha praza de amarre nestas instalacións.
- d).- As persoas que presten os seus servicios por calquera tipo de relación ca concesionaria, ou cas persoas a que se fai referencia nos apartados anteriores.

Art. 3.- VIXENCIA E REVISIÓN.

O presente regulamento terá un período de vixencia igual ó da concesión administrativa outorgada.

La Concesionaria poderá tamén modificar e ampliar as disposicións deste regulamento, pero requirirá para elo la aprobación previa do Ente Público Portos de Galicia. Así mesmo requirirá la aceptación previa daqueles dos citados entes que sexan competentes na materia na que se vaia a proceder a modificar ou ampliar as disposicións do regulamento.





CAPITULO II XERENCIA E INSPECCIÓN DO PORTO

Art. 4.- XERENCIA DO PORTO

A Xerencia do Porto, a súa explotación, xestión, administración, conservación e capitánía do mesmo, será exercida por unha persoa especialmente nomeada pola concesionaria. O cargo recibirá a denominación de Xerente do Porto e será nomeado polo consello de administración da concesionaria.

Art. 5.- COMPETENCIAS DA XERENCIA DO PORTO.

a).- Competencias do Xerente do Porto.

Entre os servizos da competencia do Xerente do Porto están o establecemento e a conservación das obras, edificios e instalacións do Porto que constitúen o obxecto da concesión outorgada a

MARINA NÁUTICA AROUSA SL a regulación das operacións sobre o atraque nos pantaláns das instalacións náutico deportivas, zonas de depósito, carenado e aparcadoiro, camiños de servizos e tódolos terreos obxecto da concesión.

É tamén da competencia do expresado facultativo a organización da circulación e o acceso sobre os expresados terreos e canto se refira ó uso das diversas obras destinadas directa ou indirectamente ás operacións das propias embarcacións, mentres se atopen no porto.

Así mesmo, a organización e supervisión de tódolos servizos en terra das instalacións náutico deportivas obxecto da concesión.

En todo o relacionado co movemento xeral de embarcacións, entradas, saídas, amarre, atraque e desatraque e cas actividades que se desenvolvan ou podan desenvolverse nas augas do porto, o Xerente do mesmo observará as instrucións das autoridades de "Portos de Galicia" e do persoal que dita Autoridade designe para controlar o cumprimento das mesmas, persoal que terá acceso libre o Porto e as súas instalacións e que en todo momento poderá inspeccionar as instalacións e operacións que neste



REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONCESIÓN XESTIÓN INDIRECTA

Porto se desenrolen.

Art. 6.- INSPECCIÓN DE PORTOS DE GALICIA.

A inspección e vixilancia do Porto e as súas instalacións en relación ca ocupación do dominio público, a conservación das obras, a súa explotación e a prestación dos servizos, será exercida pola Xunta de Galicia, a través do ente público Portos de Galicia.

Tódalas persoas que fagan uso dos servizos e instalacións do Porto teñen a obriga de cumprir as ordes que a devandita autoridade dispoña para facer cumprir a normativa que regula o dominio Público Portuario e as obras e actividades que neste dominio público se desenvolven.





CAPITULO III UTILIZACIÓN DO PORTO.

Art. 7.- USO DAS INSTALACIÓNS.

A zona de servizo do porto divídese en dúas partes: unha de acceso e circulación pública, e outra de acceso restrinxido a persoas e vehículos autorizados.

As amarras a flote divídense tamén en dúas clases: unhas de uso libre a todo barco de recreo, mediante o pago das tarifas correspondentes e outras reservadas para uso exclusivo dos concesionarios de prazas de amarre.

Os servizos específicos que preste o porto, tanto obrigatorios coma complementarios e discretionais, son utilizables polos usuarios do porto tendo en conta as tarifas e as condicións correspondentes.

Art. 8.- DESTINO DO PORTO.

1.- Poden utilizar as augas do Porto e as súas instalacións as embarcacións deportivas ou de recreo, polo que, en condicións normais, non poderá ser utilizado polos que non cumpran estas características, sen autorización expresa da Xerencia do Porto. En caso de emerxencia ou forza maior, o porto poderá ser empregado ocasionalmente por embarcacións doutras características ca autorización expresa da Xerencia do Porto. Esta emerxencia ou forza maior non eximirá á embarcación que empregue o porto da observancia do Regulamento e do abono das Tarifas vixentes que lle sexan de aplicación.

2.- En todo caso, as embarcacións deberán cumprir cas normas regulamentarias, marítimas, aduaneiras, fiscais ou de calquera outro orde que legalmente poidan esixírselles, e levar unha inscrición en sitio ben visible co nome da embarcación ou o número da súa matrícula, que permita identificar ó propietario.

3.- Poderán acceder ó Porto, nas zonas non restrinxidas, cantas persoas desexen acudir a el, cumpran as normas contidas neste regulamento e aquelas outras que regulamentariamente sexan promulgadas, e respecten as instalacións e demais





REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONCESIÓN XESTIÓN INDIRECTA

elementos do Porto.

Art. 9.- FACULTADES DE RESERVA.

A Xerencia do Porto resérvase o dereito de autorizar a entrada ou de prestar servizos, cando as condicións das embarcacións ou das instalacións portuarias non reúnan as condicións de seguridade que, ó seu xuízo, se estimen necesarias.

A Xerencia do Porto reservarase o dereito de admisión, na zona pública do porto ás persoas que, pola súa conduta ou falta de seguridade, podan resultar inadecuadas para a normal explotación. Así mesmo, se poderán establecer limitacións circunstanciais para evitar aglomeracións perigosas para a estabilidade das obras ou o desenvolvemento da súa explotación.

Art.10.- PETICIÓN DE SERVICIOS.

Para poder utilizar calquera dos servizos que preste o Porto, os interesados deberán formular a oportuna petición á Xerencia do Porto cumprindo as formalidades que esta estableza, en función das características do servizo e das necesidades de estatística e control da explotación do Porto.

Art. 11.- EMBARCACIÓN PROCEDENTE DE PORTO ESTRANXEIRO

Calquera embarcación procedente de Porto estranxeiro deberá atenerse ás presentes normas, e ó disposto na normativa sobre seguridade marina, aduana, policía e inmigración.

Art. 12.- PROHIBICIÓN DE PERMANENCIA.

A Xerencia do Porto poderá establecer restricións ou prohibicións de permanencia en determinados lugares da zona de servizo a persoas ou vehículos, motivados pola conveniencia da explotación ou da seguridade dos usuarios e as súas embarcacións.





REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONCESIÓN XESTIÓN INDIRECTA





CAPITULO IV RESPONSABILIDADES - DANOS – AVARIÁS - RECLAMACIÓNS

Art. 13.- COÑECEMENTO DESTE REGULAMENTO.

Tódolos usuarios do Porto estarán obrigados a coñecer e cumprir este regulamento, que lles será facilitado pola Xerencia do Porto.

Art. 14.- PROHIBICIÓN DE SUPERACIÓN DE MEDIDAS DE LÁMINA DE AUGA NAS PRAZAS DE USO PÚBLICO.

As características das embarcacións non poderán en ningún caso superar as medidas da lámina de auga que corresponde a cada praza de uso público.

En caso de producirse algunha irregularidade, a Xerencia do Porto cambiará a embarcación ó lugar que xulgue oportuno, sendo os gastos que elo ocasione por conta do propietario da embarcación.

Art. 15.- RESPONSABILIDADE DOS USUARIOS E VISITANTES E DAS PERSOAS ALLEAS Á CONCESIONARIA.

Os visitantes e usuarios serán admitidos ó Porto baixo a súa propia responsabilidade. As persoas que teñan autorizada a entrada no Porto para o exercicio dalgunha función, misión ou traballo, deberán estar cubertas por un seguro de accidentes de traballo e de responsabilidade civil xeral e de incendios, que cubran a reparación dos danos e perxucios debidos ás paralizacións do servizo ou avarías, roturas fortuítas ou malas manobras dos elementos dispostos para a prestación de aquel, debendo demostrar a quen corresponda e ante a Xerencia do Porto la vixencia do seguro.

Os titulares de concesións de prazas de amarre e usuarios en tránsito serán responsables dos danos, desperfectos ou avarías que ocasionen, tanto nos elementos da concesión, instalacións, maquinaria, etc. como nos seus propios ou de terceiros, a





REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONCESIÓN XESTIÓN INDIRECTA

consecuencia de malas manobras, actos negligentes ou defectos das súas embarcacións ou vehículos; o que, de se-lo caso, sería obxecto de reclamación por medio dos trámites legais e xurídicos previstos. O anterior, se entende sen prexuízo de que ditas actuacións sexan obxecto de sanción administrativa por parte dos órganos competentes.

O anterior enténdese sen prexuízo de que concurra algunha circunstancia de negligencia ou falta de coidado e prevención que impute a responsabilidade ó xestor indirecto.

Art. 16.- NON RESPONSABILIDADE DA CONCESIONARIA.

A Concesionaria, a Xerencia do Porto e o seu persoal, non serán responsables dos danos e perxucios debidos a paralizacións de servizo, nin dos producidos por avarías, roturas fortuítas ou manobras que poidan ocasionarse durante a prestación de calquera dos servizos, sempre que estes non sexan por causas imputables ó concesionario no desenvolvemento das obrigas que como tal lle corresponden.

Art. 17.- DANOS FORTUÍTOS.

Calquera dano ou perxucio que se produza por caso fortuíto a persoas ou cousas dentro das dársenas ou o recinto portuario, con motivo das operacións que nos mesmos se realizan ou dos incidentes que destas se deriven, serán soportados por quen os sofre, a menos que exista unha responsabilidade definida por acción ou omisión do concesionario ou dun terceiro.

Art. 18.- DANOS ÁS INSTALACIÓNS E EMBARCACIÓNS.

Calquera dano que se cause ás obras, instalacións ou embarcacións do Porto será a cargo das persoas que os causaran, con independencia das actuacións que procedan, excepto nos casos de forza maior declarados como tales pola autoridade competente.

En tales casos, o Xerente do Porto fará a taxación do importe aproximado do custo da





REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONCESIÓN XESTIÓN INDIRECTA

reparación do dano causado e a pasará ó interesado. O importe de dita taxación deberá ser depositado na caixa da Xerencia do Porto, ó día seguinte da notificación.

Terminada a reparación do dano, a Xerencia do Porto formulará conta detallada do gasto efectuado, que remitirá ó interesado para a súa liquidación definitiva.

O Xerente do Porto poderá exercer as accións que procedan ante as autoridades competentes para que se fagan efectivas as responsabilidades conseguintes.

O anterior enténdese sen prexuízo de que concurra algunha circunstancia de negligencia ou falta de coidado e prevención que impute a responsabilidade ó xestor indirecto.

Art. 19.- RISCO DOS PROPIETARIOS.

A permanencia das embarcacións, vehículos e toda clase de obxectos dentro das dársenas, zonas de servizo dentro do Porto e da concesión, será de conta e risco dos seus propietarios, polo que nin a Xerencia do Porto, nin os seus empregados, nin a Concesionaria, responderán dos danos ou perdas que poidan sufrir, excepto que os danos ou desperfectos producidos nos elementos antes sinalados teñan a súa causa directa, tanto na acción coma na omisión ou falta de dilixencia, por parte do concesionario, no cumprimento da súa obrigaón de vixilancia.

En ningún caso se respondería de ditos danos ou perdas si estas tivesen o seu orixe en circunstancias fortuitas ou causas de forza maior.

Art. 20.- DANOS OCASIONADOS POLAS EMBARCACIÓNS.

Tódolos danos que directa ou indirectamente se ocasionasen polas embarcacións ou obxectos dos usuarios nos diques, peiraos ou pantaláns, bolardos, argolas, boias, defensas, embarcacións e demais elementos das instalacións portuarias que formen parte da concesión ou sexa propiedade da Concesionaria, serán reparados seguindo as instrucións da Xerencia do Porto, con cargo ó usuario.





REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONCESIÓN XESTIÓN INDIRECTA

O causante deberá proceder a limpar, pola súa conta as partes das dársenas que puidera manchar polo vertido de lixo, derrame de carburante ou outra operación, ó obxecto de que a auga quede no mesmo estado de limpeza que tiña cando chegou a embarcación. No caso de derrame de carburantes ou produtos hidrocarbureados, o causante do derrame deberá comunicalo inmediatamente á Xerencia do Porto ó obxecto de que tomen as medidas oportunas para a súa limpeza, sendo por conta do causante os gastos que se ocasionen.

Tódolos restantes danos e os conseguintes gastos que se ocasionen con motivo de contravir o establecido nos diversos artigos deste regulamento, serán de conta dos causantes.

Art. 21.- RECLAMACIÓNS.

As reclamacións ou queixas concernentes, en xeral, á explotación e bo funcionamento das instalacións serán remitidas preferentemente e de xeito previo á Xerencia do Portos, se prexuízo da posibilidade para os usuarios de elevar esas queixas a Portos de Galicia cando poidan ter certa entidade ou, obviamente, cando as mesmas estean suxeitas a revisión en vía administrativa.

As reclamacións ou queixas concernentes a todas aquelas materias de competencias da Capitanía Marítima poderán elevarse ó Capitán Marítimo do Porto.





CAPÍTULO V

NORMAS XERAIS DE APLICACIÓN ÓS USUARIOS DO PORTO

Art. 22.- OBRIGAS XERAIS

Será obriga, en xeral, dos usuarios do Porto:

- a).- Respetar as instalacións xerais ou de proveito doutro titular.
- b).- Observar a dilixencia debida no uso do punto e atraque e demais instalacións, manténdooas en bo estado de conservación, en perfecto uso e no mesmo estado en que se recibiron, sen que poidan realizarse melloras ou menoscabos, sendo á súa costa as obras ou reparacións cuí a omisión dane las instalacións ou servicios do Porto e, en caso contrario, resarcir os danos que se ocasionen polo seu incumprimento, xa sexa propio ou polas persoas por quen deben responder.
- c).- Responder dos danos e avarias que ocasionen nas instalacións, de conformidade co disposto no Capítulo V deste Regulamento..
- d).- Aboar as tarifas que se establezan pola Xerencia do Porto, como consecuencia do disposto neste regulamento.
- e) Consentir a inspección, en calquera momento, do estado de conservación das prazas de atraque, que efectúen ben Portos de Galicia, ben a Adxudicataria.
- f) Permitir a inspección e entrada nos postos de atraque ou locais para fiscalizar as instalacións e servicios xerais, de acordo coas directrices sinaladas pola Xerencia do porto e das que poidan sinalar as Autoridades Portuarias e demais organismos competentes.

As embarcacións e tripulantes, como usuarios do Porto, terán as seguintes obrigas, sen perxucio das que correspondan a cada concesionario dunha praza de amarre e que figuren nos respectivos títulos dos outorgamentos:

- a).- Prestar colaboración ó persoal dedicado á explotación do Porto. Para facilitar as manobras ou evitar accidentes ou avarias, o patrón ou a tripulación dunha embarcación





REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONCESIÓN XESTIÓN INDIRECTA

non poderá negarse a tomar e amarrar coderas ou travesseiras doutros barcos.

b).- Manter a embarcación en bo estado de conservación, presentación, flotabilidade e seguridade.

c).- Vixiar os pertreitos e accesorios, así como as ferramentas e materiais que sexan da súa propiedade.

d).- Amarrar ós dispositivos previstos para elo e na forma adecuada para evitar danos ás instalacións ou a outras embarcacións, intercalando as defensas necesarias.

e).- Permitir a inspección e entrada no posto de amarre para fiscalizar as instalacións e servicios xerais.

f).- Cumprir as ordes e directrices que se dicten polo Xerente do Porto.

Art. 23.- TRANSITO PEONIL E DE VEHÍCULOS.

A Xerencia do Porto determinará os lugares nos que os usuarios e visitantes poderán circular a pe ou con vehículos, aparcas estes e depositar as distintas clases de obxectos cuxa manipulación se autorice, así como a forma na que se poderá levar a cabo.

Art. 24.- IDENTIFICACIÓN.

Tanto as persoas coma os vehículos e mercancías que vaian a entrar ou saír da zona de servizo da concesión, deberán deterse na zona de control de acceso á mesma para que o persoal do Porto ou as persoas designadas pola Xerencia comprobem as autorizacións que posúan, a súa identidade e motivo da súa entrada e saída.

Art. 25.- RETIRADA DE VEHÍCULOS.

Nos casos nos que os usuarios dos vehículos ou materiais non cumpran o tempo, o lugar ou a forma polos que se autorice a circulación ou depósito polos viais de servizo ó Porto, ou a utilización dos terreos ou instalacións, deberán retiralo da zona de servizo da concesión inmediatamente, sen que elo o exima do abono e os devengos que puidera ser de aplicación polos servizos prestados. En caso de que ditos titulares non retirasen os vehículos ou mercancías ou se encontrasen ausentes, o Xerente do Porto poderá ordenar a retirada ou cambio de ubicación a costa do usuario.





REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONCESIÓN XESTIÓN INDIRECTA

Art. 26.- PROHIBICIÓNS SOBRE O USO DOS SERVICIOS.

Queda terminantemente prohibido empregar as instalacións náutico deportivas obxecto da concesión para outro cometido que o que se establece nas autorizacións concedidas, non permitíndose efectuar neles reparacións, verter nos mesmos lixos, excepto nos lugares destinados para tal fin, nin obxectos de ningunha clase, nin efectuar neles movementos e outras manifestacións que non sexan as que exprese e individualmente se autorice pola Xerencia do Porto.

Os animais que poidan levar os usuarios deberán ir suxeitos de xeito que non poidan causar danos nin molestias ás persoas ou cousas que se atopen na zona de servicio do Porto, procurando, ademais, que non produzan suciedade algunha e estando obrigados a limpar de xeito inmediato calquera suciedade que produzan.





CAPITULO VI

NORMAS DE UTILIZACIÓN DE SERVICIOS E INSTALACIÓNS POLOS TITULARES E USUARIOS DE AMARRES OU POSTOS DE ATRAQUE.

Art. 27.- AMARRES E SERVICIOS.

Os amarres a flote divídense en dúas clases: uns de uso público tarifado para barcos de recreo, utilizables mediante o pago das tarifas correspondentes e outros reservados ós concesionarios das prazas de atraque.

Os servicios específicos que preste o porto, tanto obrigatorios coma complementarios e discrecionais, son utilizables polos usuarios do porto tendo en conta as tarifas e as condicións correspondentes.

Os barcos só poderán amarrar ós dispositivos previstos para elo e no xeito adecuado para evitar danos ás instalacións ou a outras embarcacións, intercalando as defensas necesarias.

Art. 28.- TRANSFERENCIAS

As transferencias, subrogacións ou cesións dos postos de atraque deberán ser autorizadas expresamente por Portos de Galicia e serán inscritas, ó nome dos seus respectivos titulares, mediante a presentación do correspondente documento que así o acredite, nun Libro de Rexistro que se levará na Xerencia da Adxudicataria e no que, en folio independente para cada posto de atraque, farase constar, mediante a correspondente dilixencia, o nome do primeiro titular e dos sucesivos, así como os domicilios que teñan sinalados para recibir notificacións.

Dito Libro de Rexistro poderá ser consultado por calquera interesado, xustificando debidamente o interese.



REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONCESIÓN XESTIÓN INDIRECTA

Art. 29.- ESCALA DE BARCOS EN TRÁNSITO.

Se consideran usuarios en tránsito aqueles que empregan o Porto para o atraque da súa embarcación de forma restrinxida e temporal. Estes usuarios poderán utilizar os atraques de uso público que a Concesionaria está obrigada a reservar en cumprimento das condicións da concesión.

Todos estes usuarios en tránsito poderán facer uso das diversas instalacións da zona de servizo para o desembarque, estancia ou depósito provisional e embarque de pasaxeiros, carburantes, víveres, aparellos ou outros elementos que poidan precisar si o seu emprego individual está permitido neste Regulamento, previo abono das tarifas oficialmente aprobadas.

As condicións xerais de utilización destes atraques son as seguintes:

1. Amarrará provisionalmente nun lugar que existe sinalado coa indicación de BARCOS EN TRÁNSITO ou no seu defecto onde se lles indique dende terra polo persoal da Concesionaria.
2. O patrón se presentará na Xerencia do Porto inmediatamente se está aberta ou, tan pronto como se abra, si no intre da chegada esta estivese pechada.

Nesta oficina identificarase e inscribirá as características do seu barco e a duración da escala que se propón realizar e deixará fotocopia da documentación oficial da embarcación e documentación do armador, patrón ou persoa responsable. Así mesmo, se inscribirá no libro de rexistro do porto asinando a entrada no mesmo.

A Xerencia do Porto ou o seu delegado informaranlle das Normas, do presente Regulamento, das tarifas do Porto e da duración da estancia que pode aceptar vistas as condición de ocupación dos puntos de amarra, e do establecido por Portos de Galicia.

3. Neste intre ou tan pronto como sexa requirido para elo, o barco e a súa tripulación serán sometidos ós controis e operacións regulamentarias referente a Aduanas, Policía e Regulamentacións marítimas.





REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONCESIÓN XESTIÓN INDIRECTA

4. Indicaráselle ó barco a amarra que ocupará durante a súa escala e se lle informará sobre o uso das distintas instalacións do porto.

Vintecatroy horas antes da saída ou coa antelación posible en todo caso, o patrón debe notificar á Dirección do Porto a súa hora de partida e, liquidalo importe dos servizos recibidos, de acordo co que se sinala máis adiante neste mesmo artigo.

No caso de que rematada a estadía anunciada, o barco desexe prolongala, a Xerencia ten dereito de non aceptar esta prórroga, sempre que se dean condicións normais, si elo redundaría en perturbación para a planificación xeral da explotación.

O patrón do barco en escala, pode cubrir o risco de responsabilidade por avarías nas instalacións, mediante o concerto dun seguro en condicións do que será informado a súa chegada.

O barco non pode abandonar o porto sen satisfacer o importe de tódolos servizos recibidos durante a súa estadía.

Art. 30.- TRASLADOS E OPERACIÓNS NOS BARCOS.

No caso de que un barco deba ser trasladado de lugar por necesidades do Porto, reforzadas as súas amarras ou sometida, en xeral, a calquera manobra por consideración de interese xeral, a súa tripulación deberá cumprir cas instrucións que perciba da Xerencia do Porto ou da persoa designada por esta. Si non houberse tripulación a bordo, a Xerencia localizará ó seu responsable para que realice a operación necesaria, pero si non fose atopado en tempo hábil para a boa explotación do Porto, ou da seguridade das instalacións ou doutros barcos, a Xerencia realizará por si mesma as operacións necesarias, sen dereito a reclamacións de ningunha clase por parte do armador, patrón ou representante do barco e cos gastos ó seu cargo.

Art. 31.- ADUANA.

As embarcacións amarradas no Porto haberán de cumprir as esixencias que, polas autoridades aduaneiras e marítimas, puideran ser fixadas en relación cas operacións de desembarque ou embarque de pasaxeiros e/ou materiais.





REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONCESIÓN XESTIÓN INDIRECTA

Art. 32.- SERVICIOS A EMPREGAR.

Ó concederse a autorización para o atraque ou entrada no Porto a embarcacións en tránsito, a Xerencia indicará ó usuario os servizos, tarifas e condicións correspondentes que son susceptibles de utilización, previa solicitude que debe ser autorizada.

Art. 33.- DISPOÑIBILIDADE DOS SERVICIOS.

Os subministros de auga, enerxía eléctrica e outros semellantes, así como as diferentes prestacións que poidan realizarse con elementos da sociedade concesionaria, quedarán sempre supeditadas ás dispoñibilidades dos mesmos. En canto ó orden de preferencia para a súa realización será o de solicitude, salvo causas que o Xerente do Porto considere xustificadas, que deberán quedar debidamente rexistradas nos libros de rexistro diario de actividades.

Art. 34.- AUTORIZACIÓN DE SERVICIOS.

Ó estender unha autorización para a prestación dalgún ou algúns servizos, indicárase pola Xerencia as normas que haberán de seguirse para a mesma, sendo precisa unha autorización distinta pola prestación doutros servizos que non figuren incluídos entre os que a primeira poida abarcar.

Art. 35.- PROHIBICIÓNS.

Queda absolutamente prohibido en toda a zona de servizo do Porto:

- a).- Fumar durante as operacións de avituallamento de combustible, en lugares próximos a onde estas se realicen.
- b).- Ter a bordo dos barcos materiais explosivos, salvo os foguetes de sinais regulamentarias.
- c).- Acender lumes ou fogueiras, ou empregar lámpadas de llama espida.
- d).- Arrojar terras, escombros, lixos, líquidos residuais, papeis e cáscaras ou materiais de calquera clase, contaminantes ou non, tanto a terra como ó auga. Os lixos deberán





REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONCESIÓN XESTIÓN INDIRECTA

depositarse nos recipientes previstos para elo, mediante bolsas de plástico pechadas.
e).- Efectuar actividades que resulten o poidan resultar molestas ou perigosas a outros usuarios.

f).- Manter os motores en marcha co barco amarrado en horas non adecuadas.

g).- Deixar soltas as drizas de xeito que poidan golpear os paos.

h).- Pescar e recoller conchas ou mariscos en ou dende as obras e augas do Porto, salvo nas zonas sinaladas para elo.

i).- Practicar esquí náutico ou wind-surfing, bañarse ou nadar nas dársenas, canles ou accesos ó Porto, realizar algunha actividade deportiva nas mesmas ou empregar os pantaláns como solárium.

j).- Realizar obras ou modificacións nas instalacións portuarias, sen autorización escrita da Concesionaria.

k).- Utilizar áncoras ou boias nas dársenas, canles ou accesos ó Porto. Excepto en caso de emerxencia.

l).- Practicar con ou utilizar motos de auga con fins deportivos dentro das dársenas do Porto ou a súa bocana.

A infracción de calquera destas normas dará lugar, por parte da Xerencia, á denuncia ante as Autoridades competentes.

Sen perxucio das facultades de policía que lle correspondan a Portos de Galicia, a autoridade marítima e, en último caso ós corpos ou forzas de seguridade do Estado, no caso de que estas actuacións supoñan un grave risco ou posibilidade de dano para as persoas ou cosas ou en casos de grave urxencia, a concesionaria poderá proceder á esixencia da inmediata saída do causante e da súa embarcación e poderá suspender de maneira automática a prestación do servizo.

Art. 36.- CONSERVACIÓN E SEGURIDADE DOS BARCOS.

Todo barco amarrado no Porto debe ser mantido en bo estado de conservación, flotabilidade e seguridade.

Si a Xerencia do Porto observa que no se cumpren estas condicións nun barco,





REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONCESIÓN XESTIÓN INDIRECTA

avisará a Portos de Galicia ou á Autoridade Marítima competente.

Si o barco chega a estar en perigo de afundimento ou de causar danos a outras embarcacións, a Xerencia tomará, a cargo e conta do propietario, as medidas necesarias para poñelo a seco en condicións de evitar o seu afundimento, debéndose comunicar á Autoridade competente cando se considere que pudiera ser un perigo para a navegación.

En caso de afundimento, o custo de reflotalo, varalo ou limpar as obstrucións, serán a cargo do propietario.

Art. 37 .- PRESENCIA DAS TRIPULACIÓNS.

Todo barco amarrado ou fondeado no Porto debe ter un responsable facilmente localizable.

Por elo, si a súa tripulación deixa a embarcación, o patrón ou propietario deberá facilitar á Xerencia do Porto o nome da persoa responsable do barco e a forma de localizalo.

Art. 38.- OPERACIÓNS DE MOTORES.

As operacións de ensaios de motores, uso de reflectores, carga de baterías e outras de calquera clase, tanto en mar como en terra, que por resultar ruidosas ou simplemente molestas, poidan incomodar a outros usuarios, non se poderán realizar sen a previa autorización da Xerencia do Porto e nas horas que a tal fin se estipule, debéndose ademais de comunicar á Autoridade competente si o tipo de probas así o requirise.

Art. 39- LOCALIZACIÓN DE ACTIVIDADES.

A reparación tanto a flote como en seco, o carenado, o aprovisionamento de combustible e demais operacións que non sexan as normais da navegación, faranse nos lugares do Porto especificamente previstos para elo ou que a Xerencia habilite,





REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONCESIÓN XESTIÓN INDIRECTA

tomando as medidas e precaucións que a tal fin se establezan.

Art. 40.- VELOCIDADE DE NAVEGACIÓN.

A velocidade máxima das embarcacións preto da bocana e dentro das dársenas, incluso ó entrar e saír das mesmas, será de **3 NUDOS**

A navegación interior estará restrinxida ás saídas e entradas do Porto e á utilización dos servizos, debendo efectuarse ca máxima dilixencia e respectando as regulacións internacionais de abordaxes e códigos de sinais.

Queda terminantemente prohibido o fondeo nos canles de acceso e dársenas interiores, salvo no caso de perigo inmediato e grave.

Art. 41.- AUXILIO NAS MANOBRAS.

O patrón ou tripulación dun barco non poden negarse a tomar e amarrar cobadeiras ou travesas doutros barcos para facilitar as súas manobras ou evitar accidentes ou avarías.

Art. 42.- MEDIOS DE VARADA.

Os barcos unicamente se poden botar e varar cos medios auxiliares do Porto. Si un armador ou patrón desexa empregar outros, deberá obter autorización expresa da Xerencia do Porto.

Art. 43.- DERRAME DE CARBURANTE.

No caso de que se produza un derrame accidental de carburante na zona de servizo do Porto, o causante deberá comunicalo inmediatamente á Xerencia do Porto que deberá inmediatamente a Portos de Galicia e ás demais autoridades competentes, tomándose las medidas oportunas para reducir os danos ás praias, ás instalacións e ós restantes usuarios do Porto, sendo de cargo do causante do dano, os gastos que se





REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONCESIÓN XESTIÓN INDIRECTA

orixinen e demais consecuencias da súa responsabilidade.

Art. 44.- CASOS DE EMERXENCIA.

En caso de producirse un incendio, temporal ou outra emerxencia de tipo catastrófico ou susceptible de chegar a tal, no Porto, ou na zona urbana ou marítima próximas, tódolos patróns, tripulacións ou propietarios de vehículos deberán tomar as medidas inmediatas de precaución necesarias, obedecendo as instrucións que reciban do Xerente do Porto.

Si se inicia un lume a bordo dun barco, o seu patrón ou tripulación, ademais de tomar as medidas inmediatas a bordo que sexan necesarias, avisará inmediatamente por tódolos medios ó seu alcance á Xerencia do Porto e ás tripulacións dos barcos contiguos, non ocultando, en modo algún, a emerxencia que se produciu.

En tódolos casos de emerxencia, afundimento, accidente catastrófico ou ameaza do mesmo que poida afectar ás embarcacións ou augas do Porto, a Xerencia establecerá comunicación urxente cas Autoridades competentes, a fin de que estas adopten as medidas pertinentes, con comunicación posterior á Concesionaria. En caso de suma urxencia, a Xerencia adoptará as actuacións necesarias para evitar maiores riscos, e dará conta das medidas adoptadas tan pronto como lle sexa posible.

Art. 45- ENLACE POR RADIO.

O Porto ten na escoita co acordo ó horario **24 HORAS** , unha estación radiotelefónica na frecuencia **c9/f16** . Recoméndase ós barcos en demanda do porte que establezan contacto ca mesma antes da súa chegada, para preparar as operacións de recepción.

Art. 46- REXISTRO DIARIO.

Pola Xerencia do Porto levarase un rexistro diario de actividades con expresión dos barcos atracados cada día na zona de uso público.





REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONCESIÓN XESTIÓN INDIRECTA

Art. 47.- HORARIO DE ACTIVIDADES.

Dado o carácter do Porto, as actividades clasificadas coma molestas, polos ruídos, música, etc. que poidan producir, deberán respectar estrictamente os horarios e directrices de funcionamento e instalación que, en cada momento e segundo as circunstancias, se establezan polo Xerente do Porto.

Art. 48.- CIRCULACIÓN RODADA. ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS.

A velocidade máxima permitida dentro do Porto é de 30 Km/h.

Está prohibido circular ou estacionarse co vehículo fora das zonas sinaladas para elo.

O estacionamento prolongado de vehículos só poderase realizar nos aparcadoiros sinalados.

Pódese, sen embargo, deter o vehículo, sempre que non obstaculice a circulación xeral, nas proximidades dun barco carenado ou dun pantalán, durante o tempo necesario para efectuar operacións de avituallamento.

Non se permite reparar vehículos, ou realizar tarefas de mantemento do mesmo, nas zonas de circulación ou estacionamento, salvo en caso de avaría e durante o tempo estrictamente necesario.





CAPÍTULO VII

ORGANIZACIÓN DA CONCESIONARIA. FUNCIONAMENTO.

Art. 49.- MEMBROS

A Concesionaria do Servizo Xeral estará integrada por:

- a) Un Consello de Administración formado por Tres Vocais, con funcións de Presidente, Vicepresidente e Secretario Xeral.
- b) Un Xerente-Mariñeiro do Servizo, que executará os acordos emanados do Consello de Administración.
- c) Tres Delegados-Mariñeiros, que farán cumprir as instrucións da Xerencia.
- d) Unha Secretaría Administrativa.

Art. 50.- O CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN

O Consello de Administración reunirse e tomará as súas decisións da forma prevista nos estatutos da concesionaria, no ámbito así mesmo previsto estatutariamente.

Art. 51.- PETICIÓNS

Calquera usuario do Porto poderá facer peticións ou suxestións sobre o funcionamento do servizo ó Consello de Administración da Concesionaria, a través da Xerencia, empregando os formularios que a tal efecto existirán na Secretaría do Porto.

Art. 52.- OBRIGAS DA CONCESIONARIA

Corresponde á Concesionaria sufragar os gastos de conservación, sustento, reparación e emprego das instalacións, partes ou elementos de obras e servizos comúns, e que serán usadas con carácter xeral.



REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONCESIÓN XESTIÓN INDIRECTA

Ós efectos do parágrafo anterior, fixarase a cada un dos distintos postos de atraque a cuota de mantemento, que incluírá unha cantidade para facer fronte a este concepto. Ditas cuotas inclúense nas tarifas do anexo e foron aprobadas por Portos de Galicia, sen que a non utilización dun servizo nin o emprego das instalacións exima ó cumprimento desta obriga.





REGULAMENTO DE EXPLOTACIÓN CONCESIÓN XESTIÓN INDIRECTA

CAPÍTULO VIII
ALCANCE DO REGULAMENTO

Art. 53.- ALCANCE DO REGULAMENTO

O presente Regulamento, e cantas normas se deriven del, se entende sen perxuício do establecido en toda a lexislación vixente en materia portuaria e nos respectivos títulos administrativos.





Regulamento de Explotación para as Instalacións Náutico Recreativas do Porto de Vilanova de Arousa

- Marina Arousa -



Marina Arousa Porto Deportivo
36620-Vilanova de Arousa

+34 986 561 420
<https://www.marinaarousa.es>

Síguenos en

